MOI CERCA DE SANTIAGO... SORPRÉNDETE

Área Santiago

pesca fluvial 2016

TRÁMITES E PERMISOS

Tipos de licenzas e permisos, prezos, onde conseguilos...

MODALIDADES DE PESCA

Regras, pesca sen morte, engados...

ESPECIES

Especies aptas para a pesca, especies vedadas, masas de auga salmoeiras e de reos...

ZONAS DE PESCA

Coutos, tramos de pesca libres sen morte, zonas libres recomendadas...

TURISMO RURAL

Casas de turismo rural, áreas recreativas, rutas de sendeirismo...

www.areasantiago.es

A Estrada · Arzúa · Boqueixón · Lalín · Melide · O Pino · Oroso · Padrón · Rois · Santiago de Compostela · Silleda · Touro · Trazo · Val do Dubra · Vedra · Vila de Cruces

04

20


26

12

Área Santiago

Área Santiago é un grupo de promoción turística que reúne dezaseis concellos do interior de Galicia: A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, O Pino, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Recibe ese nome por situarse na área de influencia de Santiago de Compostela, abarca o sur da provincia da Coruña e o norte da provincia de Pontevedra, separadas ambas polo río Ulla, que fai de fronteira natural.

GUÍA DE PESCA FLUVIAL 2016

EDITA
Área Santiago

COORDINA
Turismo de Santiago de Compostela

COORDINACIÓN TÉCNICA
Yolanda Ferro

SECRETARÍA TÉCNICA
Promove, Consultoría e Formación

DIRECCIÓN EDITORIAL
Tesouros Novos

DESEÑO
Loggin

FOTOGRAFÍA
José Carlos Rodríguez Santos (Jcriss)
Marcos Bergueiro
Aroa Martínez
Daniel Masso
Pepe López (Jolope)
Miguel Souto
Casa da Botica
Concello de A Estrada
Concello de Boqueixón
Concello de Vedra
Arquivo de Área Santiago

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Valentina Veiga

AGRADECEMENTOS
Marcos Bergueiro - Club Gallaecia Pesca a Mosca
Jesús Francisco Bolaño

DEPÓSITO LEGAL
C 419-2016

Área Santiago

info@areasantiago.es
www.areasantiago.es

ÍNDICE

Introdución

Obtención da licenza en Galicia 06
- Permisos para tramos acoutados 07
- Licenza interautonómica 08

Especies
- Especies aptas para a pesca deportiva 09
  - Salmón 09
  - Reo 10
  - Troita 10
  - Outras especies 11
- Especies vedadas ou de pesca comercial 11

Zonas de pesca
- Masas de auga salmoeiras 12
- Masas de auga de reo 12
- Coutos de pesca 13
- Tramos de pesca libre sen morte 15
- Encoros 15
- Outras zonas recomendadas 15

Pesca sen morte 16

Días e horas de pesca 17

Turismo rural 18

Áreas recreativas e praias fluviais 20

Rutas de sendeirismo fluvial 24

Museos e centros de interpretación 26

Festas, concursos e eventos de pesca 28

Gastronomía fluvial 29

Asociacións e clubes de pesca 30

Tendas de pesca 31



INTRODUCIÓN

Área Santiago

Área Santiago é unha zona fondamente marcada por dous dos principais recursos hídricos de Galicia, tanto por caudal como pola súa riqueza faunística, florística, paisaxística e mesmo cultural: o sistema fluvial Ulla-Deza, que a delimita polo sur, e o río Tambre e os seus afluentes, que a definen polo norte. Trátase dunha área eminentemente fluvial, como non podía ser doutro xeito en Galicia, "a terra dos mil ríos".

O sistema fluvial Ulla-Deza e o río Tambre están incluídos na Rede Natura 2000 da Unión Europea, sendo ambos ecosistemas protexidos.

O río Ulla ten unha conca de 2764 km², a segunda en importancia de Galicia. Ten unha lonxitude total de 132 km e unha riqueza piscícola que inclúe como especies destacadas a troita común atlántica ou europea (*Salmo trutta*), salmón atlántico (*Salmo salar*), lamprea (*Petromyzon marinus*) e reo (*Salmo trutta trutta*). De menor importancia polo tamaño das súas poboacións, pero presentes igualmente nas súas augas, cabe salientar a saboga (*Alosa falax*), sábalo (*Alosa alosa*) e boga (*Chandrostoma duriense*). Os seus principais afluentes, son os ríos Deza (51 km), Toxa (17 km), Liñares (15 km), Furelos (26 km) e o Sar (39 km).

A segunda conca fluvial na área de influencia de Compostela é a do río Tambre, con 1531 km². Ten unha lonxitude total

GALICIA É O PAIS DA AUGA. DO TOTAL DOS 4865 KM DE COSTA MARÍTIMA QUE TEN ESPAÑA, GALICIA POSÚE O 31% DO TOTAL: 1498 KM. ADEMAIS, TEN MÁIS DE 20000 KM LINEAIS DE COSTA INTERIOR, CONFORMADOS POLA EXTENSIÓN LINEAL DE 82 ENCOROS E 7348 KM DE RIBEIRAS FLUVIAIS.

de 124,5 km e dous afluentes salientables, o Dubra (15 km) e, sobre todo, o río Lengüelle (27 km). No río Tambre e nos seus afluentes localízanse poboacións de troita (*Salmo trutta*) e un ciprínido, o escalo (*Leuciscus cephalus*).

A terceira conca en importancia é a do río Umia, con 404 km². Este río pasa polo límite sur da zona Área Santiago e, igual que o Ulla, desemboca na ría de Arousa.

As características destes ríos garanten a presenza dunha variada fauna e unha flora exuberante e diversa, composta por plantas e árbores de ribeira e especies acuáticas de gran vistosidade, pero tamén a existencia dun importante patrimonio fluvial descoñecido de muíños, pesqueiras, represas, sendeiros, etc.

A través desta guía convidámoste a gozar dos nosos ríos, principalmente a través da práctica responsable do deporte da pesca e doutras actividades como o sendeirismo fluvial, a que coñezas a rica gastronomía asociada a esta zona fluvial e á descuberta do seu patrimonio natural e cultural.



Área Santiago

- A ESTRADA 1
- ARZÚA 2
- BOQUEIXÓN 3
- LALÍN 4
- MELIDE 5
- O PINO 6
- OROSO 7
- PADRÓN 8
- ROIS 9
- SANTIAGO DE COMPOSTELA 10
- SILLEDA 11
- TOURO 12
- TRAZO 13
- VAL DO DUBRA 14
- VEDRA 15
- VILA DE CRUCES 16

AXÚDANOS A CONSERVAR O CONTORNO DE ÁREA SANTIAGO

Desde Área Santiago fomentamos o turismo responsable. Ademais de favorecer a modalidade de pesca sen morte para evitar a sobreexplotación dos nosos cursos fluviais, expoñémosche a continuación unha serie de recomendacións que favorecen a conservación do contorno e as comunidades locais.

1. Durante a xornada de pesca ou turismo, trata de minimizar a xeración de residuos.
2. Cando teñas que desfacerte dun residuo, faino da maneira máis limpa.
3. Utiliza os recursos naturais, como a auga e a enerxía, con moderación. Lembra que son bens escasos.
4. Ao comprar regalos e recordos busca produtos que sexan expresión da cultura local. Favorecerás a economía das persoas que te acollen e a diversidade cultural.
5. Goza coñecendo a cultura, costumes, gastronomía e tradicións. Achégate, teñen moito que contarche.
6. Trata de contribuír coa túa presenza ao desenvolvemento dun turismo responsable e sostible, construíndo coa túa viaxe un planeta máis saudable e solidario.

OBTENCIÓN DA LICENZA EN GALICIA

A LICENZA É UN DOCUMENTO PERSOAL QUE IDENTIFICA AO PESCADOR E QUE DEBE IR ACOMPAÑADA POLO DNI, XA QUE PODE SER REQUIRIDA A SÚA PRESENTACIÓN POLOS AXENTES MEDIOAMBIENTAIS, GARDARRÍOS OU MEMBROS DO SEPRONA.

Algunhas das casas rurais adheridas ao proxecto de pesca fluvial poden facer este trámite por ti (consulta a páxina 18).

A primeira vez que se solicita a licenza, debe ser tramitada directamente nunha das oficinas habilitadas pola Xunta para ese proceso.

A

A documentación necesaria para facelo é:

- Solicitude de primeira licenza de pesca en modelo normalizado.
- DNI orixinal ou fotocopia compulsada/cotexada, salvo que se autorice a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade.
- Xustificante de pago de taxas.

Se a solicitude é para unha persoa menor de idade, precisarás ademais:

- Libro de familia orixinal ou fotocopia compulsada/cotexada.
- Fotografía actualizada do/da menor.

B

No caso de tratarse dunha **renovación** só tes que dirixirte a calquera das entidades bancarias colaboradoras ou facelo telematicamente no portal da Xunta de Galicia.

Con esta licenza poderás pescar todas as especies fluviais permitidas pola normativa, agás salmón e reo, xa que no caso destas dúas é necesario aboar unha taxa a modo de recarga.

CÓDIGOS LICENZAS E IMPORTES

Clave	Clase	Tipo	Importe
30.14.01	A	Españois, estranxeiros residentes e cidadáns UE maiores de 18 anos e menores de 65	18,77 €
30.14.02	A-1	Españois, estranxeiros residentes e cidadáns UE maiores de 18 anos e menores de 65 (15 días)	2,93 €
30.14.02	A-2	Españois, estranxeiros residentes e cidadáns UE maiores de 18 anos e menores de 65 (validez por dous anos)	28,50
30.14.03	B	Estranxeiros non residentes	37,47 €
30.14.04	B-1	Estranxeiros non residentes (15 días)	3,76 €
30.14.05	C	Españois, estranxeiros residentes e cidadáns UE menores de 18 anos ou maiores de 65	9,39 €
30.14.06	C-1	Españois, estranxeiros residentes e cidadáns UE menores de 18 anos ou maiores de 65 (15 días)	2,93 €
30.14.07	D	Para pesca de anguía, angula, lamprea e especies de esteiro	46,85 €
30.14.08	E	Para embarcacións e artefactos flotantes	14,08 €

CÓDIGOS DE RECARGAS

Clave	Clase	Tipo	Importe
30.14.09	Recarga	Para pesca de reo e salmón	5,87 €
30.14.10	Recarga	Para pesca a flote	2,93 €

Nota: Prezos e normativa oficial para o ano 2016. Fonte: *Guía informativa. A pesca fluvial en Galicia 2016*.

PERMISOS PARA TRAMOS ACOUTADOS

Hai tres formas de mercar os permisos de pesca para os coutos:

A Directamente nos establecementos autorizados para a súa venda, normalmente bares próximos aos tramos de pesca, que podes consultar na Guía informativa de pesca fluvial que anualmente edita e distribúe de maneira gratuíta a Xunta de Galicia antes do inicio da tempada de pesca.

B A través da web (https://www.xunta.es:444/pescafluvial/) habilidata para este trámite pola Xunta, na que podes consultar a dispoñibilidade de permisos para todos os tramos de Galicia e para toda a tempada podendo pagar en liña e imprimir no momento o permiso desexado, sempre e cando se dispoña da licenza de pesca.

C Participar no sorteo anual para salmón ou no sorteo para reo e troita no que normalmente é preciso inscribirse no mes de outubro para a tempada seguinte e que se celebra entre xaneiro e febreiro. Se queres saber máis sobre a participación neste sorteo, visita o apartado "Sistema galego de asignación de permisos" na web www.areasantiago.es.

PERMISOS DE PESCA
Código común para todos os permisos: 35.14.02

Tipo	Importe
Permiso de primeira categoría, válido para a pesca do salmón e demais especies	13,00 €
Permiso de segunda categoría, válido para a pesca de reo e demais especies agás salmón	8,00 €
Permiso de terceira categoría, válido para a pesca de troita e demais especies agás salmón e reo	4,00 €
Permiso de cuarta categoría, válido para a pesca de ciprínidos e demais especies agás salmónidos	2,00 €
Permiso de pesca intensiva	6,00 €
Permiso de pesca sen morte	2,00 €

Nota: Prezos e normativa oficial para o ano 2016. Fonte: *Guía informativa. A pesca fluvial en Galicia 2016*.

A ONDE DIRIXIRTE ?

Podes consultar a Guía informativa sobre a pesca fluvial en Galicia que cada ano edita a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, dispoñible en www.cmati.xunta.es.
Se queres facer os trámites presencialmente diríxete a:

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 543 978 Fax: 981 957 106
Email: dxcn@xunta.es
Información web: www.cmati.xunta.es

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
Provincia da Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2 - 5°
15008 A CORUÑA
Tel.: 981 182 299

Provincia de Pontevedra
Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805 441

LICENZA INTERAUTONÓMICA

Desde novembro de 2015 xa é posible solicitar a Licenza Interautonómica de Pesca en Augas Continentais, que permite practicar a pesca no territorio das comunidades autónomas que asinaron o convenio de colaboración para o seu establecemento: Aragón, Principado de Asturias, Castela e León, Estremadura, Galicia, Madrid e a Comunidade Valenciana.

Esta licenza habilita para a pesca do salmón ou do reo, así como para a pesca a flote.

Os únicos requisitos para a súa obtención son: ser cidadán español ou residente en España e non atoparse inhabilitado para a obtención da licenza de pesca en augas continentais por sanción administrativa firme ou por resolución xudicial firme en aplicación da lexislación penal.

Para solicitala precisas a seguinte documentación:

- Solicitude segundo o modelo.
- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Xustificante de pago Modelo A de autoliquidación de taxas.

CÓDIGO DE LICENZA INTERAUTONÓMICA

Clave	Tipo	Importe
30.14.11	Licenza única interautonómica en materia de pesca continental	25,00 €

Podes obter máis información na DX de Conservación da Natureza.

ÁREA SANTIAGO COMO DESTINO DE PESCA

ATRACTIVOS PARA O PESCADOR

- Localización: proximidade a calquera punto de Galicia.
- Oferta hostaleira de calidade media-moi alta e servizos específicos para o pescador.
- Oferta gastronómica de calidade contrastada e recoñecida.
- Variedade de actividades complementarias (viaxe con familia ou grupo): sendeirismo, actividades acuáticas, visitas culturais, proximidade á costa.
- Variedade de escenarios de pesca (tipoloxía de ríos).
- Variedade de especies de pesca (troita, reo, salmón).

ESPECIES APTAS PARA A PESCA DEPORTIVA

As principais especies para a pesca deportiva nos nosos ríos e as máis apreciadas son as pertencentes á familia dos salmónidos: o salmón (*Salmo salar*), o reo (*Salmo trutta trutta*) e a troita (*Salmo trutta*)*.

*Existen ademais outras especies da familia dos ciprínidos aptas para a pesca, como o escalo (***Leuciscus cephalus***) e a boga (***Chandrostoma duriense***), e outros peixes como as tan apreciadas lampreas (***Petromyzon marinus***), sobre as que se exerce unha pesca comercial, non deportiva.

A continuación móstrase a normativa para cada unha destas especies:

SALMÓN

PERÍODOS HÁBILES

Coutos de Santeles, Sinde e Ximonde: do 1 de maio ao 31 de xullo.

Outras masas de auga: non se autoriza a captura do salmón.

Poderá adiantarse o remate da tempada en función das cotas de captura que se establecen máis adiante. Nos coutos do río Ulla antes sinalados, logo do remate da tempada de salmón unicamente se expedirán permisos de pesca sen morte.

Os coutos salmoeiros seguirán abertos sen morte ata o 30 de setembro.

COTA DE CAPTURA

Un exemplar por persoa e día. Cota anual no río Ulla: 60 exemplares.

DIMENSIÓNS MÍNIMAS

40 cm

ENGADOS

Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais e semellantes.

Engados naturais autorizados: miñoca e camarón.

Só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais que as que se sinalan na imaxe.

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

As capturas accidentais, fóra da tempada hábil, de dimensión menor cá mínima ou en tramos de pesca sen morte teñen que ser devoltas á auga con rapidez, mantendo o peixe na auga mentres se libera do engado puidéndose valer dunha sacadeira. O peixe nunca debe ser suspendido verticalmente suxeitándoo polo rabo e, de ser preciso, procederase a cortar a sedela para liberar o peixe.

Se capturas un salmón debes comprobar a existencia de micromarcas magnéticas na cartilaxe nasal no momento de seren precintados e guiados. Dado que os salmóns micromarcados proceden das repoboacións efectuadas pola Administración, débense recuperar as micromarcas mediante a extracción do fragmento da cartilaxe nasal en que se atope a citada micromarca magnética. Nestes casos, débese prestar a colaboración necesaria e permitir a permanencia do salmón no centro de precintaxe o tempo necesario para a recuperación da micromarca magnética propiedade da Administración autora da repoboación.

REO

PERÍODOS HÁBILES

Couto de Padrón tramo 1 e tramo 2: do 1 de maio ao 30 de setembro

Outras masas de auga: do 1 de maio ao 31 de xullo.

DIMENSIÓNS MÍNIMAS

35 cm

COTA DE CAPTURA

5 exemplares por persoa e día.

ENGADOS

Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña, risco e peixes artificiais e semellantes.

Engados naturais autorizados: todos os engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais que as que se sinalan na imaxe.

Engados artificiais nas masas de auga salmoneiras, incluídos os coutos de salmón: a culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol.

Os engados naturais están prohibidos nas masas de agua salmoeiras, agás para a pesca do salmón nos seus coutos.

TROITA

PERÍODOS HÁBILES

Masas de auga salmoeiras e reo: do 1 de maio ao 31 de xullo.

Outras masas de auga: do 20 de marzo ao 31 de xullo.

Nos coutos con convenio cunha entidade colaboradora, prolongarase a tempada de pesca ata o 30 de setembro na modalidade de pesca sen morte.

DIMENSIÓNS MÍNIMAS

19 cm con carácter xeral.

21 cm no Río Deza e Río Ulla.

23 cm en augas encoradas.

COTA DE CAPTURA

10 exemplares con carácter xeral.

8 exemplares nos ríos Deza e Ulla.

5 exemplares en aguas encoradas.

ENGADOS

Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais e semellantes.

Engados naturais autorizados: todos os engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais que as que se sinalan na imaxe.

Engados artificiais nas masas de auga salmoeiras, incluídos os coutos de salmón: a culleriña terá un tamaño máximo de 6,5 cm medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol.

Os engados naturais están prohibidos nas masas de agua salmoeiras, agás para a pesca do salmón nos seus coutos.

Prohíbese o engado natural a partir do 1 de xullo no río Furelos e afluentes.

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

Nunha masa de auga concreta non se poderá estar en posesión de troitas de menor tamaño que o autorizado, mesmo cando fosen pescadas noutro lugar, agás no caso de que se estea de paso, con todos os aparellos e engados recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

Nos ríos en que haxa troita e mais reo só se poderá capturar un número de pezas igual ao da cota da troita, sen que o número de reos supere a súa propia cota.

Os salmónidos procedentes de fuxidas accidentais de centros de acuicultura, caso da troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*), poderán ser capturados sen límite no tamaño mínimo nin na cota de captura, incluíndose nesta excepción os coutos e tramos libres de pesca sen morte.

Na modalidade coñecida como varal, na que mediante unha vara se pousa un engado na auga, a lonxitude do tramo vertical da sedela deberá ser maior que a metada da lonxitude da cana.

Río Deza (presa de Saídres (Silleda e Vila de Cruces; x=562.901, y=4.733.038) a desembocadura no Ulla (Silleda e Vila de Cruces; x=553.372, y=4.737.034) e río Ulla (presa do Salto nº 2 ou salto de Touro (Touro e Vila de Cruces; x=561.999, y=4.742.101) a límite superior da zona de desembocadura.

Augas encoradas: San Xoán de Fecha, Brandariz, Portodemouros e Touro.

No caso dos coutos de pesca recóllense na táboa correspondente as dimensións mínimas e as cotas de captura específicas de cada couto.

OUTRAS ESPECIES

CIPRÍNIDOS E PERCA NEGRA

PERÍODOS HÁBILES

Masas de auga salmoeiras e reo: do 1 de maio ao 31 de xullo.

Encoros de Portodemouros e Touro: todo o ano.

Outras masas de auga: do 20 de marzo ao 31 de xullo.

ENGADOS

Engados artificiais autorizados: mosca artificial, culleriña, peixes artificiais, engados de superficie (comunmente coñecidos como "*poppers*" e "*plugs*") e engados de materiais plásticos ou semellantes (comunmente coñecidos como "vinilos").

Engados naturais autorizados: todos os engados naturais, agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural. Os engados naturais só se poderán empregar con anzois de dimensións maiores ou iguais que as que se sinalan na imaxe.

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

Con carácter xeral prohíbense aqueles tamaños de anzol vedados para salmón ou reo na mesma masa de auga e no mesmo período.

Nos encoros de Portodemouros e Touro autorízase a cebar as augas para a captura de ciprínidos. Esta ceba poderase realizar con engados vexetais ou pensos.

Fóra da tempada hábil de salmónidos, nestes encoros e nos tramos autorizados todo o ano poderanse empregar anzois de calquera tamaño para a captura de ciprínidos con engados vexetais ou "asticot", quedando prohibidos outros engados. No mesmo período, para a captura de perca negra poderanse empregar, ademais dos anteriores, peixes artificiais, engados de superficie e engados de materiais plásticos ou semellantes.

Nos encoros, establécese un máximo de dous anzois por cana, con carácter xeral, para ciprínidos.

SABOGA

PERÍODOS HÁBILES

Tramo do río Ulla comprendido entre a presa de Couso e a desembocadura: do 1 de maio ao 12 de xuño.

Outras masas de auga: non se autoriza a captura da saboga.

DIMENSIÓNS MÍNIMAS

30 cm

COTA DE CAPTURA

5 exemplares

ENGADOS

Con carácter xeral prohíbense aqueles engados e tamaños de anzol prohibidos para salmónidos na mesma masa de auga e no mesmo período.

Dimensións mínimas dos anzois para pesca con engado natural



Salmón:
a = 13 mm
b = 14 mm

Outras especies:
a = 6 mm
b = 6,5 mm

Fonte: *Guía informativa. A pesca fluvial en Galicia 2016.*

ESPECIES VEDADAS OU DE PESCA COMERCIAL

Están vedadas en todas as masas de augas as seguintes especies: cangrexo de río (*Austropotamobius pallipes pallipes*), reñosa (*Rutilus arcasii*), espiñento (*Gasterosteus aculeatus*), sábalo (*Alosa alosa*) e anguía (*Anguilla anguilla*).

En Área Santiago a pesca da lamprea autorízase unicamente no río Ulla para os titulares das pesqueiras.

ZONAS DE PESCA

Nos seguintes cadros recollemos os treitos que ademais teñen a consideración de masas de auga salmoeiras e de reo:

MASAS DE AUGA SALMOEIRAS

Río	Límite superior	Límite inferior	km
Deza	Presa de Saídres (Silleda e Vila de Cruces; x=562.901, y=4.733.036)	Desembocadura no Ulla (Silleda e Vila de Cruces; x=553.372, y=4.737.034)	18
Liñares	Presa de minicentral salto da Devesa (A Estrada; x=543.423, y=4.729.583), límite inferior do couto de Ponte Liñares	Desembocadura no Ulla (A Estrada; x=543.336, y=4.732.493)	4,7
Ulla	Presa do salto nº 2 ou salto de Touro (Touro e Vila de Cruces; x=561.999, y=4.742.101)	A ponte de Catoira (Catoira e Rianxo; x=5.22.404, y=4.724.991), límite superior da zona de desembocadura	74
Vea	Ponte Poceños (A Estrada; x=537.913, y=4.732.300)	Desembocadura no Ulla (A Estrada; x=538.190, y=4.733.373)	1,86

MASAS DE AUGA DE REO
Ademais das consideradas salmoeiras do cadro anterior

Río	Límite superior	Límite inferior	km
De Rois, Baleirón ou Liñares	Presa da praia fluvial de Seira (Rois; x=527.243, y=4.735.324), límite superior do tramo 2 do couto de Rois	Desembocadura no Sar (Rois; x=527.934, y=4.735.054), límite inferior do tramo 2 do couto de Rois	0,9
Sar	Presa do muiño de Cuncheiro (Padrón e Rois; x=528.069, y=4.735.274)	Desembocadura no Ulla (Padrón, x=526.980, y=4.729.753), límite inferior do couto de Padrón	6,7 1 km nos afluentes
Sóñora	A ponte da Parcelaria (Lousame e Rois; x=518.100, y=4.736.392), límite superior do couto de Traba	Muíños da Pedrachán (Noia; x=509.594, y=4.736.775), límite superior da zona de desembocadura	15 1 km nos afluentes

COUTOS DE PESCA (SALMÓN, REO E TROITA)

Couto	Río	Límite superior	Límite inferior	km	Cat.	cm	Nº	L	F
Arzúa	Iso	Ponte de Castromil (Arzúa; x=570.392, y=4.756.647)	Ponte Nova de Lema (Arzúa; x=569.990, y=4751.807)	9,2	Troita e pesca sen morte	19	10	10	20
Chaián	Tambre	Muíños da pena do Gato (Santiago e Trazo; x=539.582, y=4.757.223)	A Pontealbar (Santiago e Trazo; x=535.981, y=4.756.636)	7,9	Troita e pesca sen morte	21	8	25	45
Furelos	Furelos	A ponte de Fraga (Toques; x=583.345, y=4.756.948)	Ponte romana de Furelos (Melide; x=581.727, y=4.751.120)	8,3	Troita e pesca sen morte	19	10	6	15
Padrón, tramo 1	Sar	Presa do muíño de Cuncheiro (Padrón e Rois; x=528.069, Y=4.735.274)	Ponte do Carme (Padrón; x=527.656, y=4.731.890)	4,2	Reo e pesca sen morte	21	8	12	15
Padrón, tramo 2	Sar	Ponte do Carme (Padrón; x=527.656, y=4.731.890)	Desembocadura do Ulla (Dodro e Padrón; x=526.979, y=4.729.752)	2,5	Pesca sen morte			10	10
Rois, tramo 1	Rois, Valeirón ou Liñares	Desembocadura do rego do Ribeiriño no río Valeirón (Rois; x=523,663, y=4.737.285)	Presa da praia fluvial de Seira (Rois; x=527.242, y=4.735.323)	5,5	Troita e pesca sen morte	19	6	8	14
Rois, tramo 2	Rois, Valeirón ou Liñares	Presa da praia fluvial de Seira (Rois; x=527.242, y=4.735.323)	Desembocadura no Sar (Rois; x=527,933, y=4.735.054)	0,8	Troita e pesca sen morte	19	6	8	14
Rois, tramo 3	Buxán	Desembocadura do rego do Vispeiro (Rois; x=523.278, y=4.733.436)	Xunta co río de Rois (Rois; x=525.115, y=4.735.191)	3,1	Troita e pesca sen morte	19	6	8	14
Sigüeiro, tramo 1	Tambre	Caroliño de Arriba (Oroso e O Pino; x=551.175, y=4.757.221)	Presa de Chan de Castro (Oroso e Santiago, x=546.543, y=4.757.191)	8,4	Troita	21	8	21	36
Sigüeiro, tramo 2	Tambre	A ponte de Sigüeiro, na estrada A Coruña-Santiago: x=545.209, y=4.757.166)	Desembocadura do Lengüelle (Oroso e Santiago; x=543.292, y=4.758.417)	2,4	Troita	21	8	21	36
Traba	Sóñora	A ponte da Parcelaria (Lousame e Rois; x=518.099, y=4.736.391)	A ponte de Portobravo (Lousame e Noia; x=510.825, y=4.737.009)	12,6	Reo e pesca sen morte	21	8	9	21
Carboeiro	Deza	30 m augas abaixo da restitución de agua da minicentral de Saídres (Silleda e Vila de Cruces; x=562.545, y=4.734.142)	Desembocadura do Río de Orza (Silleda e Vila de Cruces; x=560.670, y=4.734.698)	4,1	Pesca sen morte			8	8

Fonte: *Guía informativa. A pesca fluvial en Galicia 2016.*

COUTOS DE PESCA (SALMÓN, REO E TROITA)

Couto	Río	Límite superior	Límite inferior	km	Cat.	cm	Nº	L	F
Codeseda	Umia	Presa de Loureiro, en Entrecastrelo (A Estrada; x=546,780, y=4.720.864)	Ponte Paradola, na Penela (A Estrada, x=524.690, y=4.719.115)	8,2	Couto vedado				
Couso	Ulla	Presa de Couso (A Estrada e Teo; x=536.455, y=732.773)	100 m augas abaixo da Pedra de Fernández (A Estrada e Teo; x=535.660, y=4.732.703)	0,87	Pesca sen morte			6	6
Deza	Ulla e Deza	Presa de García, no Deza (Silleda e Vila de Cruces; x=554.509, y=4.735.920)	450 m augas abaixo da desembocadura do Deza (Boqueixón e Silleda, x=553.061, y=4.736.717)	2,3	Pesca sen morte			10	10
Ponte Liñares	Liñares	Desembocadura do regato de Tabeirós (A Estrada; x=545.261, y=4.724.920)	Presa da minicentral denominada salto da Devesa (A Estrada; x=543.423, y=4.729.583)	8,1	Troita e pesca sen morte	19	10	10	10
Pontevea	Ulla	Desembocadura do río Vea (A Estrada e Teo; x=538.175, y=4.733.403)	Ponte Vella de Pontevea (A Estrada e Teo; x=536.984, y=4.734.238)	1,8	Pesca sen morte			8	8
Rodeiro	Arnego	Ponte Hospital, na estrada PO-533 (Rodeiro; x=584.642, y=4.722.038)	Ponte Alemparte, augas arriba da desembocadura do rego da Eirexe (Rodeiro e Lalín; x=582.187, y=4.726.032)	10,5	Troita e pesca sen morte	19	10	15	22
Lalín	Asneiro	A ponte da Xesta (Lalín; x=573.028, y=4.717.7463)	Antiga fábrica da luz - Presa Botos (Lalín; x=569.350, y=4.720.772)	8,1	Troita	19	10	15	22
Rubín	Curantes	Ponte Bede, no camiño do Bede a Pousada (A Estrada; x=549.751, y=4.726.997)	Desembocadura no Liñares (A Estrada; x=545.142, y=4.725.740)	7,1	Troita e pesca sen morte	19	10	13	13
Santeles	Ulla	100 metros augas abaixo da canle de Covelas (A Estrada e Vedra; x=543.053, y=4.732.683)	Presa do muíño de Arnelas (A Estrada e Vedra; x=541.548, y=4.733.849)	1,63	Salmón e pesca sen morte	21	8	8	8
Sinde	Ulla	Presa de Sinde (A Estrada e Padrón; x=533.755, y=4.732.302)	Desembocadura do rego do Fontao (A Estrada e Padrón; x=533.210, y=4.732.467)	0,6	Salmón e pesca sen morte	21	8	6	6
Souto de Vea	Vea	Ponte Ribeira (A Estrada; x=537.635, y=4.727.595)	Ponte Poceños (A Estrada; x=537.913, y=4.732.299)	6,3	Troita e pesca sen morte	19	10	8	8
Taboada	Deza	A Ponte Taboada (Lalín e Silleda; x=564.999, y=4.725.745)	Ponte Penide, entre a desembocadura do rego de Busto e a do río de Mera ou de Oisa (Lalín e Silleda; x=564.424, y=4.730.474)	7,4	Troita e pesca sen morte	19	10	16	20
Toxa	Toxa	A ponte de Graba (Silleda; x=558.393, y=4.724.917)	Ponte Medelo (Silleda, x=558.829, y=4.732.252)	10,9	Troita e pesca sen morte	19	10	8	8
Ximonde	Ulla	200 metros abaixo da presa de Ximonde (A Estrada e Vedra; x=543.729, y=4.732.657)	Canal de Covelas (A Estrada e Vedra; x=543.069, y=4.732.661)	0,7	Salmón e pesca sen morte	21	8	6	6

Nº: Número máximo de exemplares por pescador e día
L: Número de permisos por día laborable
F: Número de permisos por día festivo

Fonte: *Guía informativa. A pesca fluvial en Galicia 2016.*

TRAMOS DE PESCA LIBRE SEN MORTE

Río	Límite superior	Límite inferior	km
Deza	Desembocadura do río de Mera ou da Gouxa (Silleda e Vila de Cruces; x=564.297, y=4.730.447)	Presa de Saídres (Silleda e Vila de Cruces; x=562.900, y=4.733.036)	4,1
Iso	A ponte Maroxo (Arzúa; x=568.512, y=4.750.591)	Muíño de Roque ou Muíño de Castrillón, na pasarela que atravesa o río (Arzúa; x=569.350, y=4.748.559)	3
Ulla	Viaduto da autoestrada AP-53 (A Estrada e Vedra; x=548.502, y=4.734.018)	Desembocadura do regato de Marque (A Estrada e Vedra; x=546.322, y=4.732.762)	3,1
Umia	A ponte de Ribela (A Estrada; x=548.854, y=4.720.853)	A Tosta dos Muíños dos Lourenzos, aproximadamente 560 m augas arriba do límite superior do couto de Codeseda (A Estrada; x=546.981, y=4.720.524)	2,1
Umia	Límite inferior do couto de Codeseda	Presa da minicentral na Goleta (A Estrada; x=540.897, y=4.718.196)	2,9

ENCOROS

Río	Encoro	Límite superior	Límite inferior	Pesca desde embarcación
Ulla	Portodemouros	Augas encoradas	Presa do encoro (x=566.153, y=4.745.200)	Autorizada
Ulla	Touro	100 m augas abaixo da presa do encoro de Brandariz (x=564.235, y=4.742.919)	Presa do encoro (x=561.999, y=4.742.101)	Non autorizada
Tambre	San Xoán de Fecha	100 m augas abaixo da Pontealbar (x=535.879, y=4.756.647)	Presa do encoro (x=534.857, y=4.757.653)	Autorizada
Ulla	Brandariz	Nova ponte de San Xusto (x=565.210, y=4.743.989)	Presa do encoro (x=564.226, y=4.742.946)	Non autorizada

OUTRAS ZONAS RECOMENDADAS

Zonas libres de pesca recomendadas

Para os pescadores en xeral, e nomeadamente para aqueles que só desexan probar, que o deciden no momento ou que viaxan en familia, propoñemos especialmente as zonas libres de pesca recomendadas polos concellos de Área Santiago en función da súa beleza, a idoneidade dos seus accesos, a presenza doutros servizos no contorno ou a complementariedade con outros atractivos da zona: áreas recreativas, praias fluviais, monumentos próximos, sendeiros de río, etc. Para pescar nestas zonas soamente precisas contar cunha licenza de pesca válida para o territorio de Galicia.

Lago artificial da Semana Verde de Galicia

A Sociedade de Caza, Pesca e Tiro de Silleda pretende fomentar a pesca deportiva baixo a modalidade de pesca sen morte. Para elo leva a cabo, desde xuño de 2015, diversas actividades neste lago: xornadas formativas e escola base para os menores de 14 anos, xornadas de formación para grupos ou colectivos e utilización gratuíta do lago para colectivos con dificultades de mobilidade, como as persoas maiores e xubilados así como as que sofren algún tipo de discapacidade física e/ou psíquica, concursos de pesca, etc.

O lago artificial aspira ademais a converterse nun escenario deportivo onde os competidores poidan exercitarse durante todo o ano e especialmente fóra da tempada de pesca (outubro, novembro, decembro, xaneiro e febreiro).

Este lago artificial ten unha superficie de 1600 m^2, un perímetro de 200 metros, 3 millóns e medio de litros de auga e 2000 troitas.

Tes toda a información sobre as zonas recomendadas no apartado de pesca da web de Área Santiago:

www.areasantiago.es/pesca-fluvial

PESCA SEN MORTE

EN ÁREA SANTIAGO TRATAMOS DE FOMENTAR A PRÁCTICA DESTE DEPORTE DE RÍO NA SÚA VARIEDADE DE CAPTURA E SOLTA (PESCA SEN MORTE), PARA EVITAR A SOBREEXPLOTACIÓN DOS NOSOS CURSOS FLUVIAIS E PROMOVER A NECESARIA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

Nota: É importante verificar o réxime do lugar onde se vai pescar (con ou sen morte) e escoller os engados en función da normativa pola que se rexe o tramo.

Para devolver os peixes en boas condicións, debemos tomar unhas mínimas precaucións á hora de manipular o animal para quitarlle o anzol e causarlle o menor dano posible. Unha rápida liberación e devolución á auga supón maiores posibilidades de supervivencia. Ademais, é fundamental manipular o peixe ben coas mans molladas, cun trapo húmido, ou aínda mellor dentro da sacadeira para non danar a súa mucosa e provocarlle infeccións.

É moi importante seleccionar os engados e anzois apropiados. Neste senso, as normas nos coutos e tramos de pesca sen morte autorizan unicamente a mosca artificial nas súas distintas modalidades e a culleriña cun só anzol e sen arponciño, quedando prohibido para todos os efectos o engado natural. Todas as capturas deberán ser devoltas á auga inmediatamente despois da súa extracción. Ademais non se poderá ter ningún peixe, aínda que fose pescado noutro tramo.

Ten en conta que para a pesca deportiva soamente está autorizada a pesca con cana. Cada pescador poderá empregar unha soa cana e unha sacadeira como elemento auxiliar.

Non se poderá ter ningún peixe, aínda que fose pescado noutro tramo.

O **período hábil** para esta modalidade de pesca abranguerá, con carácter xeral, desde o 20 de marzo ao 31 de xullo, coas seguintes excepcións:

- Nas masas de auga salmoeiras e de reo: do 1 de maio ao 31 de xullo, ou ata a finalización da tempada do reo naqueles coutos autorizados ata o 30 de setembro.
- Nos coutos con covenio e nos tramos de coutos de pesca sen morte e tramos libres de pesca sen morte: o período hábil prolóngase ata o 30 de setembro.

Pesca desde embarcacións:

En Área Santiago pódese pescar desde embarcacións ou artefactos boiantes nos encoros de Portodeumouros e San Xoán de Fecha

Os xoves son hábiles para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga.

DÍAS E HORAS DE PESCA

DÍAS DE PESCA

- Con carácter xeral declárase o luns como inhábil para a pesca, agás festivos nacionais ou autonómicos.
- Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, excepto o Xoves Santo, que será hábil segundo a modalidade de pesca autorizada en cada masa de auga.
- Nos encoros de Portodemouros e Touro autorízase a pesca durante todo o ano.

HORARIOS DE PESCA

Pódese practicar a pesca no período de tempo comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do solpor.

Dez minutos antes do comezo e dez minutos despois da finalización da xornada de pesca todos os aparellos e engados deben estar recollidos e, se é o caso, as canas pregadas.

CANAS DE PESCAR E UTENSILIOS AUXILIARES

- Só se permite o emprego dunha cana por persoa, a unha distancia máxima do pescador de tres metros, e dunha sacadeira ou un lazo como elemento auxiliar.
- Para a pesca desde embarcacións só se poderá empregar unha cana por persoa, autorizándose un máximo de tres canas por embarcación aínda que o número de persoas embarcadas sexa maior.
- Nos encoros autorízase o emprego de dúas canas desde a beira e a unha distancia máxima do pescador ou pescadora de tres metros.

TURISMO RURAL

CASAS DE TURISMO RURAL

ÁREA SANTIAGO DISPÓN DUNHA ENORME OFERTA DE ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. A CONTINUACIÓN FIGURAN OS ALOXAMENTOS QUE POLA SÚA PROXIMIDADE, AS SÚAS CARACTERÍSTICAS OU O SEU CARIÑO AO RÍO ESTÁN ESPECIALMENTE RECOMENDADOS PARA OS AMANTES DA PESCA E O TURISMO FLUVIAL.

Todos os aloxamentos que aparecen nesta guía están adheridos ao produto turístico "Pesca fluvial" que promove Área Santiago.

O grupo Área Santiago pon a disposición dos visitantes unha carteira de guías/acompañantes que poden asesorarte nas túas xornadas de pesca. Son expertos pescadores, coñecedores do río e a súa contorna, amantes da pesca e respectuosos coa natureza. Transmitiranche os seus coñecementos de pesca e amosaranche os lugares onde practicala en Área Santiago, a filosofía do respecto ao medio e a contribuír á preservación do mesmo.

Podes consultar os servizos prestados, tarifas e o procedemento para ser guía/acompañante de pesca en www.areasantiago.es.

TORRES DE MOREDA

Concello: A Estrada

Tel. +34 699 339 794

Comedor: Si

Cuartos: 9 dobres Pax: 18

www.torresdemoreda.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, contacto con servizos guiados.

CASA DA BOTICA

Concello: A Estrada

Tel. +34 677 838 858

Comedor: Si

Cuartos: 10 dobres Pax: 20

www.casadabotica.com

Tramitación de licenzas ou permisos. Comida/almorzo en horarios adaptados, contacto con servizos guiados, información de zonas de pesca, normativa.

VAL FRESCO

Concello: A Estrada

Tel. +34 651 690 473

Comedor: Si

Cuartos: 5 dobres Pax: 10

www.areasantiago.es/donde-dormir-mcs/val-fresco

Contacto con servizos guiados.

PAZO DE ANDEADE

Concello: Touro

Tel. +34 981 517 359

Comedor: Si

Cuartos: 8 dobres Pax: 16

www.pazodeandeade.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, etc. Comida/almorzo en horarios adaptados. Contacto con servizos guiados.

CASA DA PASTORA

Concello: A Estrada

Tel. +34 986 578 299

Comedor: Si

Cuartos: 8 dobres Pax: 16

www.casadapastora.com

Contacto con servizos guiados.

CASA RURAL OS LAMBRÁNS

Concello: Padrón

Tel. +34 685 107 905

Comedor: Non

Cuartos: Ap. 1 máx 6 pax / Ap. 2 máx 6 pax / Ap. 3 máx 8 pax

Pax: 22

www.oslambrans.com

Contacto con servizos guiados.

A CASA DA MEIXIDA

Concello: Padrón

Tel. +34 609 123 441
+34 981 811 113

Comedor: Non

Cuartos: 5 dobres Pax: 10

www.casadameixida.com

Contacto con servizos guiados.

CASA SUÁREZ

Concello: Vedra

Tel. +34 609 068 441

Comedor: Si

Cuartos: 7 dobres Pax: 14

www.casasuarez.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, contacto con servizos guiados. Comida/almorzo en horarios adaptados.

CASA DA CAPILLA

Concello: Vila de Cruces

Tel. +34 646 849 638

Comedor: Si

Cuartos: 8 dobres Pax: 16

www.casadacapilla.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, contacto con servizos guiados. Comida/almorzo en horarios adaptados.

CASA DE CASAL

Concello: Boqueixón

Tel. +34 698 148 323

Comedor: Si

Cuartos: 9 dobres Pax: 18

www.casadecasal.com

Contacto con servizos guiados.

FOGAR DO SELMO

Concello: Rois

Tel. +34 605 843 850

Comedor: Si

Cuartos: 10 dobres Pax: 20

www.fogardoselmo.com

Contacto con servizos guiados.

CASA GRANDE DE FUENTEMAYOR

Concello: Silleda

Tel. +34 986 592 001

Comedor: Si

Cuartos: 9 dobres Pax: 18

www.casagrandefuentemayor.com

Contacto con servizos guiados.

PAZO DE GALEGOS

Concello: Vedra

Tel. +34 981 512 217

Comedor: Si

Cuartos: 9 dobres Pax: 18

www.pazodegalegos.com

Contacto con servizos guiados.

CASA GORÍS

Concello: Vila de Cruces

Tel. +34 986583587
+34 647867389

Comedor: Si

Cuartos: 7 dobres Pax: 14

www.casagoris.es

Información sobre zonas de pesca, normativa, etc. Tramitación de licenzas ou permisos. Comida/almorzo en horarios adaptados. Contacto con servizos guiados.

A FONTE DO SOUTO

Concello: Lalín

Tel. +34 686 544 391
+34 686 086 689

Comedor: Si

Cuartos: 5 dobres Pax: 10

www.afontedosouto.com

Contacto con servizos guiados.

CASA DE MARCELO

Concello: Padrón

Tel. +34 606 957 154

Comedor: Non

Cuartos: 4 dobres Pax: 8

www.casademarcelo.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, contacto con servizos guiados.

CASA DE CACHEIRO

Concello: Silleda

Tel. +34 649 359 609

Comedor: Non

Cuartos: 7 dobres Pax: 14

www.casadecacheiro.com

Contacto con servizos guiados.

CASA MÍGUEZ

Concello: Touro

Tel. +34 981 504 252
+34 609 856 056

Comedor: Si

Cuartos: 5 dobres Pax: 10

www.casamiguez.com

Información sobre zonas de pesca, normativa, contacto con servizos guiados.

CASA SAN GINÉS

Concello: Vila de Cruces

Tel. +34 986 582 370

Comedor: Si

Cuartos: 4 dobres Pax: 8

www.casasangines.com

Contacto con servizos guiados.

Servizos específicos para amantes da pesca que ofrece este aloxamento.

ÁREAS RECREATIVAS E PRAIAS FLUVIAIS

A CARÓN DOS RÍOS DE ÁREA SANTIAGO TES UN MONTÓN DE ESPAZOS HABILITADOS PARA ORGANIZAR O TEU PICNIC. TAMÉN PODES PASEAR, PRACTICAR SENDEIRISMO, PASAR UN DÍA EN FAMILIA OU CON AMIGOS OU SIMPLEMENTE DESCANSAR. ESCOITA O FLUÍR DA AUGA MENTRES PRACTICAS A TÚA ACTIVIDADE PREFERIDA.

A ESTRADA

ÁREA RECREATIVA DO AREAL DE BERRES

Área de recreo onde pasear, descansar ou darse un baño. Famosa pola noite de San Xoán, que atrae cada ano centenares de persoas que degustan sardiñas e polbo, saltan a cacharela e escoitan e gozan dos concertos de música folk e rock.

PRAIA FLUVIAL DE LIÑARES

A praia fluvial de Liñares conta cunha carballeira de 22.000 m^2 e servizo de bar. Está xestionada pola Sociedade Deportiva Río Ulla. Nela pódense celebrar, baixo reserva, comidas familiares e outros eventos.

ARZÚA

PRAIA FLUVIAL DE RIBADISO

A praia fluvial sitúase na área recreativa de Ribadiso, que conta con diversas zonas de lecer: un merendeiro e asadores, pistas polideportivas, bar e parque infantil. Un gran número de pontellas por riba do río crean unha fermosa paisaxe.

BOQUEIXÓN

ÁREA RECREATIVA DE SUCIRA

Esta área recreativa, situada na marxe dereita do Ulla, conta cunha carballeira de gran beleza e interese natural. É o lugar idóneo onde pasar un día en contacto coa natureza. Está dotada con bancos, asadores e todas as comodidades para gozar dun día no río.

LALÍN

PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI

A praia fluvial Pozo do Boi, máis coñecida como praia de Vilatuxe, atópase nun contorno natural conformado polo paso do río Deza. Dispón de dúas áreas de lecer a cada beira do río, conectadas por unha antiga ponte feita de lousas. A primeira área conta cunha zona verde para tomar o sol e na outra zona hai unha carballeira con área de recreo.

A praia está dotada de diversos servizos como aseos, bar, asadores, mesas e bancos de pedra, e unha pequena zona habilitada como parque infantil.

COMPLEXO RECREATIVO E NATURAL DE MOURISCADE

A área recreativa de Mouriscade conta cun amplo espazo para diferentes actividades e está situado nun contorno rural cunha gran beleza paisaxística.

Neste espazo podemos encontrar desde un albergue xuvenil ata un club hípico. Existe unha área de recreo pegada ao albergue, a cal conta cun merendeiro á beira do río Asneiro. Unha ruta cabalar e un sendeiro circular percorren ademais este contorno de lecer.

ÁREA RECREATIVA ENTRE OS RÍOS

O Museo Etnográfico Casa do Patrón conta cun espazo natural na beira do río Asneiro con área recreativa, onde é posible pasar un momento agradable á sombra da rica e variada flora, e ao mesmo tempo tomar o sol ou gozar dunha comida en familia ou con amigos nas mesas de madeira e pedra.

O espazo biosaudable conta con dous muíños de auga, chamados o muíño da Ponte e o muíño Entre Ríos, ambos totalmente restaurados e en funcionamento, un espectáculo que paga a pena ser contemplado.

MELIDE

PRAIA FLUVIAL DE FURELOS

Ampla zona de baño e unha zona aberta para tomar o sol. Está acondicionada con tobogáns e hamacas. Zona de árbores na que podemos atopar mobiliario específico para comer. Ademais conta con piscinas para todas as idades.

OROSO

PRAIA FLUVIAL DO REFUXIO

Situada na área recreativa do mesmo nome, ten moita sombra, merendeiro, cafetería e o encanto de que a praia se atopa nunha illa do río. Ao longo da beira dereita transcorre un paseo fluvial moi agradable, que chega ata a ponte principal da vila de Sigüeiro.

ÁREA RECREATIVA DE CARBOEIRO

Gran zona verde ao longo do río Carboeiro, de máis de 60.000 m², en pleno centro da vila de Sigüeiro. Conta con zona de ocio e de lecer, con árbores autóctonas e máis de 1 quilómetro e medio de camiño para pasear.

ROIS

PRAIA FLUVIAL DE SEIRA

Nun lugar natural idóneo para o descanso, a praia fluvial de Seira é un dos puntos de maior interese do concello de Rois, especialmente no verán, xa que se presta á práctica do ocio acuático e á relaxación, todo combinado en perfecta harmonía coa natureza. Conta con zona verde e merendeiro.

O PINO

PRAIA FLUVIAL DA TARROEIRA

Praia fluvial situada nas marxes do río Tambre ao seu paso polo concello do Pino, dotada con sombras, merendeiro, zona de baño e parque infantil. Neste lugar comeza unha fermosa ruta de sendeirismo coñecida como Senda Botánica do Río Mera.

ÁREA RECREATIVA DA MADALENA

Esta área recreativa atópase na parroquia de Castrofeito, no contorno da capela da Madalena, e conta cunha espectacular masa de carballos de gran porte, escenario da romaría da Madalena que se celebra o 22 de xullo.

Está dotada de mesas, bancos e unha pequena lagoa na que ten lugar o concurso anual de pesca infantil.

PADRÓN

ÁREA RECREATIVA DA DESEMBOCADURA SAR-ULLA

Para chegar á área recreativa da desembocadura do Sar no río Ulla temos que seguir o leito do río Sar na súa marxe esquerda, onde veremos unha senda peonil e carril bici.

Percorreremos 2 km desde o centro da vila de Padrón e alí atoparemos unha contorna incomparable para o descanso e entretemento, xa que dispón dunha zona acondicionada con mesas, fontes, parque infantil, zona de aparcamento... Apta para o gozo en familia ou con amigos.

MÁIS INFORMACIÓN EN

WWW.AREASANTIAGO.ES/AREAS-RECREATIVAS-MCS
WWW.AREASANTIAGO.ES/PLAYAS-FLUVIALES-MCS

SILLEDA

PRAIA FLUVIAL DAS XUNTAS DE CIRA

A praia fluvial de Cira está situada na confluencia dos ríos Ulla e Deza. Está equipada con mesas á sombra para comer e descansar e dispón dun parque biosaudable e dun aparcadoiro. Entre os seus atractivos posúe un sendeiro natural que permite coñecer a veiga baixa desta freguesía e visitar ou mercar produtos singulares que se cultivan nos inmensos invernadoiros existentes na contorna.

Para os máis activos, existe un sendeiro sinalizado de 5 km que percorre os lugares máis significados da parroquia.

TOURO

ÁREA RECREATIVA DA SANTAIA

A área recreativa da Santaia localízase na parroquia de Touro, no lugar do mesmo nome. Conta con equipamento como iluminación, bancos, mesas, asadores e un fantástico paseo fluvial que percorre a ribeira do río. Tamén conta cunha pequena fervenza e un muíño, así como unha ampla extensión de carballeira e bosque de ribeira.

Esta área constitúe o punto de partida da ruta dos tres ríos PR-G 121.

Está relativamente cerca da área de servizo para autocaravanas Praza do Luar.

ÁREA RECREATIVA DE SOUTO

Localízase na parroquia de Foxás, na aldea da Obra. A escasos metros da área recreativa de Remesquide. Sitúase no río Ulla, concretamente na súa marxe dereita, nun lugar que destaca pola variedade de vexetación que alberga, entre a que salientamos especies como as típicas de ribeira ou o carballo. Está acondicionada con bancos, mesas, asadores e ata un paseo fluvial. Ideal como zona de recreo e de pesca. Presenta unhas boas infraestruturas de accesibilidade e acondicionamentos.

ÁREA RECREATIVA DE REMESQUIDE

Localízase na parroquia de Ribeira, na aldea de Remesquide e no lugar do mesmo nome.

Zona ideal de pesca onde a ponte de Remesquide une ambas as marxes do Ulla nos concellos de Touro e Vila de Cruces. Presenta unhas boas infraestruturas en canto á accesibilidade e acondicionamentos.

A área recreativa de Remesquide sitúase na marxe dereita do río Ulla, e presenta unhas características físicas e paisaxísticas que favorecen a actividades de lecer nesa zona.

Está acondicionada cun paseo fluvial, merendeiros, asadores, bancos e outro tipo de infraestruturas para uso e gozo dos seus visitantes.

ÁREA RECREATIVA DE FOXÁS-GRIXÓ

A área recreativa de Foxás-Grixó localízase na parroquia de Foxás, na aldea da Obra (lugar de Grixó). A área está acondicionada con bancos, mesas, asadores, papeleiras e un vello muíño restaurado. Resulta ideal como zona de recreo e de pesca.

TRAZO - SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRAIA FLUVIAL DE CHAIÁN

A uns 10 km de Santiago. A área recreativa inclúe pequenas illas fluviais, unidas por pontes de madeira, que compoñen un agradable paseo. Ten merendeiro, mesas con taboleiros de xadrez e damas, zona de voleibol, aparcadoiro de coches e bicicletas, cafetería (aberta en época estival) e abeiro para pescadores. Alí celébrase a Festa do Escalo, no mes de xullo.

VAL DO DUBRA

ÁREA RECREATIVA DE BEMBIBRE

O concello de Val do Dubra conta cunha área recreativa no lugar de Bembibre, situada nas marxes do río Dubra, que proporciona un espazo natural moi atractivo e dotado de numerosos servizos: piscina con duchas, aseos e vestiarios, parque infantil, unha área de descanso con bancos e xardíns, unha zona de merendeiro con asadores para poder cociñar, camiños de paseo pavimentados, un muíño restaurado, un estanque e unha extensa plantación de árbores que actualmente están catalogadas.

VEDRA

ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

A área de recreo de Agronovo atópase ao pé do río Ulla. Polas súas inmediacións transcorre a ruta de sendeirismo de San Xoán da Cova. Está dotada de zona de baño, mesas e bancos, servizos, espazo acondicionado con asadores...

Durante os meses de xullo e agosto, os sábados e domingos en horario de 16:00 a 20:00 h dispón dun servizo de alugueiro de piraguas e barcas do Ulla.

ÁREA DE RECREO DE CUBELAS

A área de recreo de Cubelas atópase ao pé do río Ulla, a uns 300 metros do couto de Ximonde. É o punto de inicio e de remate da ruta de sendeirismo de San Xoán da Cova.

Esta área está dotada de mesas e bancos. Ademais conta cun pequeno xardín botánico onde están representadas as especies da flora de ribeira do sistema fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000.

ÁREA DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS

Singular conxunto formado por 8 muíños restaurados que seguen o curso do río de Merín, adornando o paso dunha ruta de sendeirismo, e complementado cun pequeno miradoiro e unha fervenza. É a mostra viva da cultura muiñeira do concello de Vedra.

ÁREA DE RECREO DO CAMPO DE GUNDIÁN

A área de recreo do Campo de Gundián está constituída polo conxunto singular que conforman a capela, a fonte, o palco da música, as mesas e bancos e as vistas ao río Ulla, así como a antiga ponte de Gundián e a moderna do AVE, que permiten gozar deste magnífico contorno natural.

Este espazo ten a particularidade de ser o único terreo ao sur do río Ulla que pertence á provincia da Coruña. O día 7 de setembro celébrase alí a famosa festa da procesión de Nosa Señora de Gundián.

Nas proximidades atópase o miradoiro de Gundián, que ofrece unhas magníficas vistas de toda a zona.

VILA DE CRUCES

PRAIA FLUVIAL DA CARIXA

A praia fluvial da Carixa, en Merza, está situada moi preto do balneario Baños da Brea, do mosteiro de Carboeiro e da fervenza do Toxa. Atópase nunha ampla área recreativa ás beiras do río Deza na que tamén hai parque infantil, parque biosaudable, mesas, bar, restaurante, zona axardinada, aseos e paseo. Tamén está habilitada como área de autocaravanas.

PRAIA FLUVIAL DO ABESEIRO DE TOIRIZ

A praia fluvial do Abeseiro de Toiriz está situada á beira do río Arnego. Conta con zona infantil e zona de adultos.

A área conta con mesas de pedra e grellas. A praia ten ademais unha inscrición rupestre declarada Ben de Interese Cultural. Pertence aos sobreirais do Arnego e tamén forma parte dunha ruta de sendeirismo.

PRAIA FLUVIAL DAS INSUAS DE SAN RAMÓN (GRES)

Lugar conformado por seis illas conectadas no río Ulla: as insuas de Gres, unha área recreativa que reborda pola súa beleza. Está situada a moi poucos metros da Fundación Neira Vilas e dos restos do castelo de Cira e ao lado da ponte de San Ramón. Unha fermosa ponte medieval de sete arcos, de posible orixe romana, no antigo Camiño Real de Santiago a Lugo.

PRAIA FLUVIAL DE REMESQUIDE

A praia fluvial de Remesquide, en Santomé de Obra, é tamén coñecida como a "Ínsua da Peregrina". Está situada nunha illa de 270 metros de longo por uns 50 de ancho, semellando un gran barco ancorado no río. Accédese a ela cruzando unha ponte. Conta con mesas, asadores, cantina e zona de xogos infantís.

MÁIS INFORMACIÓN EN

WWW.AREASANTIAGO.ES/AREAS-RECREATIVAS-MCS • WWW.AREASANTIAGO.ES/PLAYAS-FLUVIALES-MCS

RUTAS DE SENDEIRISMO FLUVIAL

A ESTRADA

ROTEIRO DOS MUÍÑOS DEVESACARBALLA

Ruta de sendeirismo situada en Sabucedo, ao pé da estrada comarcal PO-7001. Ideal para dar un paseo polo campo, xunto ao río, e coñecer a actividade que se desenvolvía nos muíños.

Distancia: 1 km

Tempo: 30 min

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Serra do Mestre. Sabucedo

Circular: si

RUTA BTT DO SALMÓN

A ruta BTT do Salmón é un percorrido polo val do Ulla e os seus afluentes, os ríos Liñares e Vea.

Distancia: 38 km

Tempo: 4 h

Dificultade: media

Punto de saída e chegada: A Estrada

Circular: si

ARZÚA

PR-G 169 RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

Ruta na que destaca o torrente de Maroxo, que remata no couto do mesmo nome e que ofrece unha panorámica única da vila de Arzúa, o encoro de Portodemouros, construído no ano 1968, e o Enredo do Abelleiro, interesante museo temático sobre o mel e a apicultura.

Distancia: 19,8 km

Tempo: 4 h

Dificultade: media

Punto de saída e chegada: a Ponte Santa / fervenza das Hortas

Circular: non

BOQUEIXÓN

RUTA DOS PESCADORES

Antigo camiño de pescadores situado nunha área paisaxística de especial beleza e importancia natural. Ao longo do camiño visítanse diferentes áreas recreativas, a igrexa de santa Mariña, Ponte Ledesma e as insuas de Gres.

Distancia: 4,3 km

Tempo: 1 h 30 min

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: área recreativa de Sucira / insuas de Gres

Circular: non

LALÍN

SENDEIRO DE ZOBRA

Ruta pola serra do Candán e os montes do Testeiro acadando varios cumios de máis de 900 m de altura. Durante o percorrido visítanse alvarizas, casas grandes, pontes... Destaca tamén pola exuberante fauna e vexetación que se atopa ao longo do percorrido.

Distancia: 29 km

Tempo: 7 h

Dificultade: media-alta

Punto de saída e chegada: Zobra

Circular: si

RUTA CASA DO PATRÓN

Ruta con finalidade educativa organizada ao redor de elementos destacados do patrimonio natural e cultural da contorna do Museo Etnográfico Casa do Patrón.

Distancia: 4,5 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Museo Etnográfico Casa do Patrón

Circular: si

MELIDE

RUTA DO RÍO FURELOS

A ruta do río Furelos percorre un pequeno tramo do Camiño Francés de Santiago e pasa por diversas aldeas, igrexas, a ponte medieval de Furelos e construcións tradicionais como muíños, hórreos e cruceiros.

Distancia: 15 km

Tempo: 4 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: aldea de san Salvador / santa María de Melide

Circular: non

O PINO

SENDA FLUVIAL BOTÁNICA DO RÍO MERA

A senda fluvial e botánica do río Mera discorre polas marxes do río Mera.

Cada unha das especies vexetais está identificada co seu nome correspondente xunto cunha pequena información das características desta.

Distancia: 4,3 km

Tempo: 1 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: praia fluvial da Tarroeira / igrexa parroquial de Gonzar

Circular: non

OROSO

RUTA DOS MUÍÑOS

Ruta de interese etnográfico e natural que permite coñecer varios muíños, así como elementos de interese natural, arquitectónico e histórico.

Distancia: 8,1 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: aldea da Baiuca (parroquia de Senra) / aldea de Gadamil (parroquia de Vilarromarís)

Circular: non

SILLEDA

RUTA DA AUGA DE PARADA PR-G 124

Ruta marcada pola grande impetuosidade da flora e da fauna destas fragas. Recoméndase realizar este sendeiro nos meses de primavera, nos que o verdor da paisaxe se ve invadido por lirios amarelos en flor que medran ao longo dos regueiros.

Distancia: 6,7 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: muíño de Buxos (parroquia de Parada)

Circular: si

SENDEIRO DA FERVENZA DE FÉRVEDA

Esta ruta visita o río Férveda, cun salto de aproximadamente 15,7 metros de altura e outro

máis pequeno de 4,8 metros. Forma parte do proxecto europeo Rede Natura 2000 denominado Brañas de Xestoso, Lugar de Importancia Comunitaria.

Distancia: 2,7 km

Tempo: 1 h

Dificultade: baixa, agás nos últimos 200 metros de ascenso ata a o pé da fervenza

Punto de saída e chegada: muíño de Varela (parroquia de Escuadro) / fervenza de Férveda

Circular: non

SENDEIRO DAS XUNTAS DE CIRA

Ruta sinalizada con balizas verticais. Conta ademais con paneis informativos sobre o percorrido.

Distancia: 5 km

Tempo: 2 h

Dificultade: media

Punto de saída e chegada: praia fluvial das Xuntas (parroquia de Cira)

Circular: si

SENDA BOTÁNICA DE CARBOEIRO

Percorrido pola contorna do mosteiro de Carboeiro no que ademais do bosque atlántico atopamos especies de carácter mediterráneo e un interesante sotobosque. Todas as plantas e árbores están debidamente identificadas.

Distancia: 1 km

Tempo: 30 min

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: mosteiro de Carboeiro

Circular: si

SILLEDA / VILA DE CRUCES

SENDEIRO DO DEZA

O Sendeiro do Deza une tres lugares emblemáticos da comarca de Deza: a fervenza do Toxa, a praia fluvial da Carixa e o mosteiro de Carboeiro.

Distancia: 6 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: fervenza do Toxa / mosteiro de Carboeiro

Circular: non

TOURO / BOQUEIXÓN

ROTEIRO DE PONTE A PONTE

Percorrido pola marxe dereita do río Ulla, incluído na Rede Natura 2000, con atractivas paisaxes onde se atopan canles, muíños e dúas áreas recreativas.

Distancia: 9 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Ponte Remesquide (Touro) / Ponte Ledesma (Boqueixón)

Circular: non

TOURO

RUTA DA RIBEIRA DO ULLA PR-G 93

Percorrido onde destacan o sobreiral do Ulla, a fervenza do Inferniño, o pozo do Pego, o conxunto de ouriceiras que atopamos ao longo do camiño e o bosque do Pego. Destaca a frondosidade e a grande extensión deste último, con especies autóctonas e ben conservado.

Distancia: 15 km

Tempo: 4 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Ponte Basebe / Pozo do Pego

Circular: non

RUTA DOS TRES RÍOS PR-G 121

Percorrido onde destaca a área recreativa da Santaia, os muíños da Carballa, rehabilitados recentemente, a fervenza chamada salto das Pombas, lugar de incrible beleza. Na ponte da Laña atópase a desembocadura do río Lañas no Ulla.

Distancia: 10 km

Tempo: 3 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: área recreativa da Santaia / Ponte Basebe

Circular: non

VEDRA

RUTA DE SAN XOÁN DA COVA PR-G 36

Esta ruta permite unha visión incomparable do Ulla no estreito paso da Cova. Logo de cruzar o lugar da Ponte Ulla chégase ao muíño de Reboredo, provisto de cinco moas: unha para o xofre, unha albeira só para trigo e outras tres para outros cereais.

Distancia: 11,2 km

Tempo: 3 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: miradoiro de Gundián / área recreativa de Cubelas

Circular: non

VILA DE CRUCES

REMESQUIDE-BASEBE

Ruta pola marxe esquerda do río Ulla que atravesa diferentes parroquias como Santomé de Obra, Brandariz, Piloño e Salgueiros.

Distancia: 14 km

Tempo: 4 h

Dificultade: media-baixa

Punto de saída e chegada: Remesquide / Ponte Basebe

Circular: non

"GOZA DO ULLA"

Ademais de todas estas rutas é moi recomendable o programa "Goza do Ulla". Unha iniciativa dos 19 concellos bañados polo Ulla, na que se organizan rutas de sendeirismo guiadas ao longo de todo o ano.

MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN

MUSEO DA PESCA DE CASA SUÁREZ

Augas arriba do couto de Ximonde no río Ulla está o Museo da Pesca, onde se expoñen artes e fotografías en torno a este deporte. Visitable previa petición.

Ponte de Sarandón, 2
San Mamede de Ribadulla 15885 Vedra (A Coruña)

Tel. +34 981 512 548

Móbil: +34 609 068 441

www.casasuarez.com

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO RÍO ULLA

Este centro de interpretación permitirá ao visitante o achegamento aos recursos naturais, patrimoniais e culturais do río Ulla, do que dista 4 km.

Está situado ao lado da casa da cultura, nunha área de ocio que consta ademais de piscina pública ao aire libre, cancha de tenis, parque saudable, parque infantil e área de autocaravanas coñecida como Praza do Luar.

É o perfecto complemento de varias rutas de sendeirismo homologadas que percorren as ribeiras do río Ulla e está tamén próximo á ruta alternativa do Camiño de Santiago para bicicletas coñecida como a ruta do holandés.

Máis información:

- www.concellodetouro.com
- www.touroturismo.es
- Tel. +34 981 504 029

FESTAS, CONCURSOS E EVENTOS DE PESCA



CAMPIONATO DE PESCA FLUVIAL CONCELLO DE ROIS

Organizado polo club Landra. Durante o mes de **abril**. Rois.

CONCURSO INTERNACIONAL DE PESCA E FESTA DO SALMÓN

O concurso é a fin de semana anterior á Festa do Salmón, que se celebra desde 1974. Está declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e cadra co terceiro domingo de **maio**. A Estrada.

FECAP: FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA

FECAP é unha feira onde as empresas do sector poden establecer un contacto directo e efectivo cos seus potenciais clientes, amosarlles os seus produtos e coñecer as súas necesidades. Unha mostra que busca rendibilidade para as firmas presentes e tamén o fortalecemento dos sectores da caza, pesca e actividades na natureza.

Silleda, durante o mes de **xuño**. Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

CONCURSO DE PESCA A MOSCA DEPORTES CIBEIRA NO RÍO ULLA

Durante o mes de **xuño**. Ponte Ledesma, Boqueixón.

FESTA DO ESCALO DE CHAIÁN

Inclúe o concurso de pesca de ciprínidos, e unha concorrida festa gastronómica e posterior baile. Finais de **xullo**. Trazo, Santiago de Compostela.

CAMPIONATO DE PESCA TERRA DE MELIDE

Durante o mes de **abril**. Asociación de Troiteiros Río Furelos. Melide.

FESTA DA TROITA DE OROSO

Festa de Interese Turístico de Galicia. Primeira quincena de **maio**. Sigüeiro, Oroso.

CONCURSO SOCIAL DE PESCA RÍO DEZA

Concurso social de pesca a mosca na modalidade de pesca sen morte organizado polo Club de Pesca Deportiva Río Deza. Celébrase entre **maio** e **xuño**.

CAMPIONATO SOCIAL DE PESCA NO RÍO DEZA

Concurso social de pesca a mosca e ninfa e a lance organizado pola Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Silleda. Celébrase a primeira quincena de **xuño**.

PESCADUBRA

Pescadubra pretende introducir os máis novos e as persoas con discapacidade no mundo da pesca. Está organizada polo Concello de Val do Dubra e a asociación O Ranqueiro, en colaboración coa Deputación da Coruña.

Área recreativa de Bembibre, Val do Dubra, durante o mes de **xuño**.

FESTA DO ESCALO DE VEDRA

Festa típica a carón do río Ulla, na área recreativa do Agronovo. Paralelamente celébrase un concurso de pesca de escalo. Durante o mes de **xullo**. Vedra.

FESTA DO ESCALO DE COUSO

Concurso de pesca e degustación. Celébrase o primeiro domingo de **agosto**. Couso, A Estrada.

GASTRONOMÍA FLUVIAL

AS TERRAS INTERIORES DOS RÍOS TAMBRE, SAR, ULLA E DEZA, NOS ARREDORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EXEMPLIFICAN TODA A TRADICIÓN E RIQUEZA DA COCIÑA GALEGA, ADMIRADA POLA SOBERBIA CALIDADE DOS SEUS INGREDIENTES E POLA SABIA INCORPORACIÓN DA INNOVACIÓN AOS SEUS SABORES ANCESTRAIS. DESTACAN, ADEMAIS, AS ESPECIALIDADES GASTRONÓMICAS RELACIONADAS CO RÍO.

RECOMENDÁMOSCHE PROBAR:

LAMPREA

Este animal primitivo con aspecto de serpe péscase cando sobe a desovar no río Ulla ao seu paso por Padrón, onde aínda se atopan as pesqueiras de pedra de orixe romana. Cocíñase á bordelesa (guisada con viño), rechea con ovo e xamón, en empanada, filloas, *carpaccio*, croquetas e *risottos*.

Tempada: xaneiro - maio.

Recomendamos probar:

- *Risotto* de lamprea. Chef Rivera, Padrón.
- Lamprea afumada e acabada á brasa. Restaurante O Balado, Boqueixón.
- Lamprea con patacas e chícharos. Casa Ramallo, Rois.
- Lamprea á bordelesa con chocolate. Asador O'Pazo, Padrón.
- Lamprea á bordelesa. Casa Farrucán e Restaurante O Santiaguiño, Padrón.
- Lamprea. Casa Dios, Padrón.
- Lamprea enteira escabechada ou guisada. Restaurante El Pasaje, Santiago de Compostela.

ANGUÍA

Aínda que a súa pesca está vedada na actualidade, a anguía capturábase no Ulla en toda a nosa zona, ata o encoro de Portodemouros, polo que, aínda que traída doutros lugares, segue a estar presente no recetario fluvial tradicional da zona. Sendo un dos peixes azuis con máis contido en graxa infiltrada no músculo, facilita boas frituras e guisos.

Tempada: todo o ano.

Recomendamos probar:

- Anguía afumada na lareira e acabada á brasa. Restaurante O Balado, Boqueixón.

SALMÓN

O Ulla é un paraíso para a pesca do salmón, que se come á grella, en empanada, guisado e ata en pizza. A Festa do Salmón da Estrada inclúe degustación, concurso internacional de pesca e concurso de tapas para gloria desta materia prima.

Tempada: maio - xullo.

Recomendamos probar:

- Salmón salvaxe afumado con xeado de queixo e zume de maracuiá. Restaurante Nixon, A Estrada.

TROITA

Os ríos de Área Santiago son ricos en troitas e nas súas terras abondan as receitas para preparalas: fritidas cando son pequenas, con unto e xamón; ou ao forno e á brasa, pero tamén en tapas e empanadas. A Festa da Troita de Oroso comeza co campionato de pesca e a posterior degustación dunhas cinco toneladas deste peixe.

Tempada: marzo - xullo.

Recomendamos probar:

- Troitas con xamón. Restaurante La Cantina, Oroso.
- Troita ao forno. Restaurante Os Mariñaos, Oroso.
- Empanada de troita. Panadería Sigüeiro, Oroso.

ASOCIACIÓNS E CLUBES DE PESCA

CLUB GALLAECIA PESCA A MOSCA

A Estrada

gallaeciainfo@gmail.com

SOCIEDADE DEPORTIVA RÍO ULLA

Av. Pontevedra, 23
36680 A Estrada

Tel. +34 986 575 139

ASOCIACIÓN DE PESCADORES AMIGOS DO ISO

Lg. Os Campos, Brandeso
15810 Arzúa

SOCIEDADE DE CAZA E PESCA RÍO ISO

Cruce de Bascuas, Rendal
15810 Arzúa

SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE LALÍN

Rúa Manuel Rivero, 1
36500 Lalín

Tel. +34 986 780 049

SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA PONTE MAZAIRA

Rúa Principal, 47, 1º esquerda
Melide

Tel. +34 699 176 160

pontemazaira.blogspot.com/

WINDSURFING LATORRE CLUB DE PESCA

Enlace Parque, 4 - baixo
15900 Padrón

Tel. 629 871 261

SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE PADRÓN

Padrón

CLUB DE PESCA DEPORTIVA LONDRA

Pontenova, 4
15911 Rois

SOCIEDADE DE PESCA CON MOSCA TRUTTA

Santiago de Compostela

SOCIEDADE DE CAZA E PESCA LA VENATORIA

O Hórreo, 94
15701 Santiago de Compostela

Tel. +34 981 562 663

C.P.D. RÍO DEZA

Silleda

clubriodeza.blogspot.com.es
c.p.d.riodeza@gmail.com

SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA E PESCA SILLEDA

Rúa Campo de Arriba, 4 - baixo
36540 Silleda

Tel. +34 986 581 386
+34 661 083 004

www.tecorsilleda.es
info@tecorsilleda.es

CASTILLO ULLA-DEZA

Silleda

cn.peke@gmail.com

ASOCIACIÓN DE PESCADORES O RANQUEIRO

Rúa Arcai, 28 – Bembibre
15873 Val do Dubra

ASOCIACIÓN DE PESCA DEPORTIVA AGRONOVO

Sta. Cruz de Ribadulla
Vedra

Fonte: Federación Galega de Pesca e elaboración propia.

TENDAS DE PESCA

ARMERÍA CARRUSEL DEPORTIVO

1ª Trva. América, 24
36680 A Estrada

Tel. +34 986 571 368

ARMERÍA ESTRADENSE

Centro Comercial San Antón, local 9-11
Rúa Calvo Sotelo
36680 A Estrada

Tel. +34 986 570 724

ARMISPORT

Molinera, 15
36500 Lalín

Tel. +34 986 783 486

www.armisport.es
info@armisport.es

ARMERÍA O´CAMPIÑO

Rúa F, 53
36500 Lalín

Tel. +34 986 783 574

armeriaocampino@gmail.com

ARMERÍA CEA

Rúa Folicheiro, 3
15800 Melide

Tel. +34 981 509 042

ARMERÍA RÚA

Rúa Convento, 4
15800 Melide

Tel. +34 981 505 033

www.armeriarua.com

REMANSO CAZA Y PESCA

Rúa do Concello, 13 - Pedrouzo
15821 O Pino

www.pescaza.com

DEPORTES CIBEIRA

Rúa Santo Domingo de la Calzada, 1
15701 Santiago de Compostela

www.deportescibeira.com

DECATHLON

Rúa Polonia, 2
15707 Santiago de Compostela

Tel. 981 897 516

www.decathlon.es

EL CORTE INGLÉS

Rúa do Restollal, 50
15702 Santiago de Compostela

Tel. +34 981 527 200

www.elcorteingles.es

NOGAREDA CAZA Y PESCA

Av. de Compostela, 36
Sigüeiro
15888 Oroso

Tel. +34 981 973 118

NÁUTICA PÉREZ

C. Cial. Área Central, 1ª Pta., L-25 - Fontiñas
Santiago de Compostela

Tel. +34 981 576 882

www.nauticaperez.es

PESCABARCA

Rueiro, 2
Santiago de Compostela
Tel. +34 646 869 690
+34 981 88 42 51

DEPORTES ROMAR

Rúa da Fonte de Santo Antonio, 30

15702 Santiago de Compostela

Tel. +34 981 585 589

ARMERÍA TORIBIO

Rúa Hórreo, 5
15702 Santiago de Compostela

www.armeriatoribio.com

DEPORTES MC

Isabel II, 22 - Fonte Díaz
15822 Touro

Tel. +34 981 517 401

VEDA ABIERTA

Lugar das Penedas, Gres 5
Vila de Cruces

Tel. +34 986 589 261

Área Santiago

moi cerca de Santiago...

Sorpréndete!